

**Asunto: Solicitud de paga compensatoria**


Trala aprobación do RDL 20/2012 polo goberno central, no que se establece entre outras medidas, a supresión da paga extra de decembro, e outras especialmente graves é lesivas para os traballadores das administracións públicas nos tempos actuais.

A sección sindical de CCOO, considera que a diminución tan drástica das retribucións do persoal da Universidade de Vigo e un paso máis no camiño de degradación dos servizos públicos, por iso considera que a Universidade de Vigo ten posibilidades e debe de facer fronte a este agravio que afecta a todo o seu persoal.

A sección sindical de CCOO, unha vez analizados os orzamentos da Universidade de Vigo, e entendendo que existen posibilidades reais, considera que no mes de Xaneiro de 2013 se pode facer efectiva una paga compensatoria pola perda de poder adquisitivo.

Considerando que todo o persoal da Universidade se ve afectado por esta inxusta diminución retributiva solicitamos una paga de alomenos 600€ a facer efectiva no mes de Xaneiro, tanto para o PDI como para o PAS da Universidade de Vigo.

Vigo 1 de outubro de 2012



SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO